

O prezo da peaxe da AP-9 conxélase en 2021 no 54% dos tramos

OS 7 TRAMOS MÁIS UTILIZADOS DA AP-9 QUE CONXELAN O SEU PREZO*		
ITINERARIOS	TRÁNSITOS 2019	PREZO Ida/Volta (CON TELEPEAXE)
Pontevedra – Vigo - Pontevedra	8,1 M	4,00 €
Curro – Pontevedra - Curro	1,6 M	2,45 €
Santiago – Padrón – Santiago	1,4 M	4,37 €
<u>Puxeiros – Tui – Puxeiros</u>	1,2 M	4,90 €
<u>Fene – Guísamo – Fene</u>	0,9 M	5,69 €
O Morrazo – Vigo – O Morrazo**	10,6 M	0 €
A Coruña – A <u>Barcala</u> - A Coruña**	4,5 M	0 €

*Prezo para vehículos lixeiros nos principais traxectos da AP-9 (ida e volta) no mesmo día con telepeaxe (excepto domingos e festivos)
**Peaxe en sombra financiada polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e gratuíta para os usuarios

- **Os prezos de Audasa, un 6,6% por debaixo da media estatal**

-

30.12.2020. Autopistas del Atlántico conxela en 2021 a peaxe para vehículos lixeiros en 26 tramos dos 48 que forman a AP-9. A vía galega, cun custo de 0,11 euros por quilómetro, mantense en 2021 un 6,6% por debaixo da media española de prezos de autoestradas do Estado e un 39,2% no caso das viaxes en coche de ida e volta no mesmo día que empreguen telepeaxe (0,09 euros/km). O 67% dos tránsitos que anualmente se realizan pola autoestrada non verán incrementadas as tarifas en 2021.

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana aprobou a actualización das tarifas das autoestradas dependentes da Administración Xeral do Estado, que inclúen no caso da AP-9 un incremento do 0,92% a aplicar dende as 00.00 horas do 1 de xaneiro do vindeiro ano. A concesionaria galega non imputa esta suba cando representa menos de 5 céntimos por tramo.



O 55,4% das viaxes na AP-9 en 2020 realizáronse por tramos gratuítos ou contaron con descontos ou bonificacións si se dispón de telepeaxe e se realizan en traxecto de ida e volta no mesmo día laborábel (sábados incluídos).

As peaxes aprobadas polo Goberno para 2021 inclúen a suba extra (1%) derivada das obras de ampliación da circunvalación de Santiago de Compostela e da Ponte de Rande, que foron financiadas de maneira íntegra por Audasa. O orzamento de ambos proxectos supera os 356 millóns de euros (incluídos IVE e custos financeiros).

Un 29% menos de tráfico en 2020

A intensidade media diaria (IMD), con 15.312 vehículos, reduciuse entre xaneiro e novembro de 2020 un 29,43% con respecto ao mesmo período de 2019.